



XUNTA
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

SA-17M2-Obras cruzadas

Achega

- ▶ Cartolina branca.
- ▶ Tesoira.
- ▶ *Plotter* de corte (opcional).
- ▶ Modelos para descargar.

Observa

Neste fermoso Día das Letras Galegas estarás escoitando falar de **Luísa Villalta** como prolífica creadora de obras escritas que xa forman parte da literatura galega. Outra parte menos coñecida do seu perfil artístico é a de música, xa que ela tocaba o violín (chamáballes "violino"), formando parte da Xove Orquestra de Galicia e da Orquestra de Santiago de Compostela.

Indaga

- ▶ No seu artigo **"A música como arte"**, publicado no xornal *La Voz de Galicia* o 21 de febreiro de 1982, ela di: **"A música é en si mesma un xogo temporal e, precisamente, nisto reside a súa condición artística."**
- ▶ Os primeiros violíns foron fabricados no norte de Italia (século XVI) empregando madeiras moi finas (pradairo ou abeto) para o seu corpo e materiais orgánicos (tripas de animais) para as cordas.
- ▶ Os fabricantes de violíns máis famosos foron Andrea Amati, Giuseppe Guarneri e Antonio Stradivari, todos eles foron **luthieres**, é dicir, artesáns que constrúen, axustan e arranxan instrumentos.

Prototipa

- ▶ Non imos construír un violino (todo pode suceder nos Polos creativos), pero imos facer un xogo de cartas para coñecer de primeira man toda a obra de Luísa.
- ▶ Descarga os modelos na aula virtual e apóiate no documento paso a paso para dar vida a este novo xogo.
- ▶ Ao igual que Luísa, deixa voar a túa parte creativa e pensa en engadir máis cartas.
- ▶ Podes introducir as modificación que precisas para facer medrar o número de cartas.



Sigue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Emprega o acceso de convidados.

